



DATOS IDENTIFICATIVOS

Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego

Materia	Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego			
Código	V01G230V01101			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Gómez Clemente, Xosé María			
Profesorado	Gómez Clemente, Xosé María			
Correo-e	xgomez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Visión sistemática da normativa que rexe o uso da lingua galega, para que o alumnado chegue a te-lo dominio necesario da norma gramatical que lle permita producir textos con corrección. Nas clases presentaranse e comentaranse os diferentes aspectos da normativa actual: ortografía, morfoloxía, léxico e sintaxe e estudaranse polo miúdo os que presenten unha aplicación máis problemática. O punto de partida é o nivel C2 do Marco de referencia europeo para a aprendizaxe de linguas.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
C25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
C27	Capacidade de razoamento crítico
D6	Capacidade de xestión da información
D14	Motivación pola calidade

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Analizar e avaliar criticamente textos orais e escritos en lingua galega.	A1 A3	C3 C4 C18 C27	D6
Adquirir ou completar con coñecementos teóricos unha expresión oral e escrita en galego correcto, adecuado e coherente.		C3 C4 C25	
Adquirir autonomía para producir e corrixir textos orais e escritos, utilizando axeitadamente os recursos da lingua galega.	A1 A3	C3 C4 C18 C24	D14

Contidos

Tema

1. A norma escrita da lingua galega	1.1. Os grafemas, os seus valores e usos 1.2. Acentuación 1.3. Signos ortográficos 1.4. Grupos consonánticos 1.5. Paradigmas morfolóxicos do galego
2. Morfosintaxe	2.1. O artigo 2.2. O substantivo e o adxectivo 2.3. O pronomes persoal (formas, contraccións, concorrencia de pronomes, dativo de solidariedade e de interese interferencias, colocación, interpolación) 2.4. Posesivos e demostrativos (formas, contraccións, usos especiais) 2.5. Cuantitativos e indefinidos 2.6. O verbo (morfoloxía, usos e valores dos tempos, formas nominais, perífrases verbais) 2.7. O adverbio 2.8. A preposición 2.9. A conxunción
3. Tipos de textos	3.1. O texto e as súas propiedades: a coherencia, a cohesión, a adecuación. 3.2. Os conectores textuais. 3.3. Tipos de textos: xornalísticos, publicitarios, científicos, administrativos.
4. O estándar oral galego	4.1. Pronuncia das vogais abertas e pechadas, da nasal velar e da fricativa prepalatal xorda. 4.2. Os grupos cultos. 4.3. Elisións e contraccións na cadea fónica.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas de forma autónoma	0	13	13
Lección maxistral	27	54	81
Traballo tutelado	0	17	17
Traballos de aula	18	0	18
Exame de preguntas obxectivas	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o/a estudante ten que desenvolver.
Traballo tutelado	O/A estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc.
Traballos de aula	O/A estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do/a estudante.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	Para consultar dúbidas, o alumnado pode facelo na clase, nas horas de tutoría ou por correo electrónico.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
------------	---------------	---------------------------------------

Resolución de problemas de forma autónoma	Realización correcta de 5 comentarios dirixidos. Son textos con cuestións que o alumno deberá responder coa axuda das fontes que precise. O profesor corraxirá as respostas e o alumnado deberá facer de cada texto unha 2ª versión definitiva. Ó final de curso, o alumnado entregará os 10 textos (orixinal+corrección) nunha única carpeta. Tamén se proporará un exercicio para o control dos aspectos fonéticos que se traten nas aulas.	30	C18 C25	D14
Traballo tutelado	Un traballo individual de aproximadamente 5 folios sobre un dos textos propostos. Máis có contido, é indispensable a corrección lingüística e formal do texto: redacción, puntuación, ortografía, léxico, tipografía. O traballo entregárase antes do 10 de decembro de 2018.	20	C4 C25	D14
Exame de preguntas obxectivas	Haberá dúas probas por un valor total de 10 puntos. 1ª (5 puntos): día 14 de novembro; control de dominio total das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego. Esta parte deberán repetila ó final do cuadrimestre tódolos alumnos que non consigan unha puntuación do 50% da nota. 2ª proba (5 puntos): na data indicada no calendario de exames da FFT; resolución de exercicios de uso de pronomes, perífrases, infinitivos conxugados e calquera aspecto referido ós contidos que figuran no programa. Corrección dun texto deturpado. Ademais, elaboración dun breve comentario sobre un texto non literario. Para que se faga media cos traballos tutelados e coa resolución de problemas, haberá que obter polo menos unha cualificación de 4.5 puntos dos 10 totais.	50	C3 C4 C18 C24	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Se se considerar preciso, haberá unha proba diagnóstica ó principio do curso que non contará na avaliación. As porcentaxes indicadas soamente se aplicarán nos casos en que o alumnado realice as dúas probas previstas e entregue os comentarios dos textos e mailo traballo sobre os textos propostos, é dicir, que opte pola avaliación continua. O alumnado que se acolla ó sistema de avaliación única deben presentarse a un exame (100% da nota) que se celebrará na data indicada no calendario de exames da FFT. Este exame será similar ó que se propoñerá para a segunda edición das actas (xullo) e constará de dúas partes: Na 1ª, o alumnado deberá demostra-lo dominio das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (acentuación, uso do guión, grupos consonánticos, contraccións, formación do plural, formación do feminino, paradigmas verbais, adverbios e locucións adverbiais, etc.); nesta parte o alumnado debe obter polo menos de 50 puntos (de 100). Na 2ª parte (Morfosintaxe), o alumnado deberá facer correctamente exercicios de uso de pronomes, perífrases, infinitivos conxugados e calquera aspecto referido ós contidos que figuran no programa. Así mesmo, deberá corraxir, de modo que quede nun galego correcto, un texto que se lle entregará deturpado e elaborar un comentario sobre un texto non literario. Farase media entre as dúas partes. Non se liberará ningunha parte para a convocatoria de xullo. A adquisición do galego oral comprobarase nas clases prácticas. O alumnado que escolla o sistema de avaliación única tamén deberán face-las lecturas obrigatorias, sobre as que se lles formularán, oralmente ou por escrito, algunhas cuestións para comprobar que as leron.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Real Academia Galega, **Diccionario da RAG**, RAG, 2012

NAVAZA BLANCO, G. (coord.), **Diccionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos**, Xerais, 2011

PENA, X. A. (dir.) et alii, **Gran diccionario Cumio da lingua galega**, Edicións do Cumio, 2007

REAL ACADEMIA GALEGA, **Diccionario castelán-galego da Real Academia Galega**, Fundación Barré, 2005

FERNÁNDEZ SALGADO, coord.), **Diccionario Galaxia de usos e dificultades da lingua galega**, Galaxia, 2004

CARBALLEIRA ANLLO, X. Mª (coord.), **Gran diccionario Xerais da lingua**, Xerais, 2009

REAL ACADEMIA GALEGA/INSTITUTO DA LINGUA GALEGA, **Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego**, 23 ed., RAG-ILG, 2012

HERMIDA GULÍAS, C., **Gramática práctica (Morfoxintaxe)**, Sotelo Blanco, 2006

FREIXEIRO MATO, X.R., **Gramática da lingua galega II. Morfosintaxe**, 2ª ed., A Nosa Terra, 2006

ÁLVAREZ BLANCO, R. e XOVE, X., **Gramática da lingua galega**, Galaxia, 2002

ÁLVAREZ BLANCO, R., H. MONTEAGUDO e X. L. REGUEIRA, **Gramática galega**, Galaxia, 1986

REGUEIRA, Xosé Luís, **Un modelo de estándar oral para a lingua galega**, D. Kremer (ed.) Actas do VI Congreso Internacional, 2000

CALLÓN, Carlos, **Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez**, 6ª, Xerais, 2016

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Lingua A1, II: Introducción ás linguas de especialización: Galego/V01G230V01301

Outros comentarios

Aconséllase a consulta periódica de <http://ocartafol.usc.es> ou de <http://www.usc.es/gl/servizos/snl/terminoloxia/uip/index.html>) e a subscripción ó [\[Boletín de recomendaciones\]](#) da Fundación del Español Urgente (www.fundeu.es).
